

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2014.**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 24 de febreiro do 2014.

HORA DE COMEZO: 20:05 h.

HORA DE REMATE: 20:50 h.

**ASISTENTES:**

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 3, 10 E 17 DE FEBREIRO DO 2014.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 3, 10 e 17 de febreiro do 2014.

**SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**

**2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/AUTORIZACIÓNS PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE (OCUPACIÓNS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS).**

Vista a proposta da Alcaldía do día 24.2.14, referente a autorizacións para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre (ocupacións ligadas a establecementos hosteleiros), que di o seguinte:

*"AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS), INCLUÍDAS NO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2014.*

#### *PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA*

*Con rexistro de entrada do 24 de xaneiro de 2014, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a tempada estival do ano 2014. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.*

*O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do concello.*

*Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á aprobación das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS), que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relacionados."*

#### ANEXO:

*"PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVICIOS DE TEMPORADA NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS)*

*No día 24 de xaneiro de 2014 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada do Concello de Cangas.*

*Unha vez examinada a mencionada circular, as peticións previas realizadas polos interesados, e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se*

*considera preciso cubrir os servizos de tempada, ligados a establecementos hosteleiros, nas localizacións que a continuación se indican:*

*a) Paseo de Rodeira:*

*(1) Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'La Habana', do 1 de marzo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.*

*Proyecta Inversiones Punta Balea, S.L., CIF: B-94007945, R/Masandía, 191, 2º-Moaña. (César Núñez Vilas, DNI: 52494893-S).*

*(1) Unha terraza de 45,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'El Macao', do 1 de marzo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.*

*El Macao de Cangas, S.L., CIF: B-94040706, Praza das Pontes, 1-Baixo-Cangas. (Ana María Martínez García, DNI: 35280834-F).*

*(1) Unha terraza de 30,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'Mesón O Forte', do 15 de abril ao 15 de setembro de 2014.*

*Jesús Boubeta García, DNI: 35296620-S, Rúa Félix Ozámiz, 8-Baixo-Cangas.*

*(1) Unha terraza de 24,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'El Chalet', do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2014.*

*El Chalet de Cangas, S.L., CIF: B-36516144, Praia de Rodeira, 29-Cangas. (Marcelo A. Fernández Moreira, DNI: 53860774-H).*

*b) Praza das Pontes:*

*(1) Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'La Fiorentina', do 1 de marzo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.*

*CONFIFER, S.L., CIF: B36241602, R/Pazos Fontenla, 77-Bueu. (Gerardo Fernández Pérez, DNI: 35292140-C).*

*c) Nerga:*

*(1) Unha terraza de 26,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'El Gran Sol', do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2014.*

*Raquel Gómez López, DNI: 76811322-Q, Camiño de Menduíña, 30-Aldán-Cangas.*

*d) Aldán:*

*(1) Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'O Con de Aldán', do 1 de marzo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.*

*A Casa de Aldán, S.L., CIF: B36464808, Avda. José Graña, 20-Aldán-Cangas. (Juan M. Baqueiro Carballo, DNI: 35955994-W).*

*(1) Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'Bar Peralta', do 1 de marzo de 2013 ao 28 de febreiro de 2014, menos o mes de outubro.*

*Mª Carmen Santomé Baqueiro, DNI: 35279820-M, Avda. José Graña, 5-Aldán-Cangas.*

*(1) Unha terraza de 30,00 m2., vinculada ao establecemento denominado 'Bar Valladares', do 1 de marzo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.*

*Miguel Angel Pousa Valladares, DNI: 36008914-E, San Cibrán, 14-Aldán-Cangas.*

*A situación de cada unha das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos deseños anexos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a autorizacións para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre.

## **URBANISMO E VIVENDA**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 20 DE FEBREIRO DO 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

## MAIORES

EXPEDIENTE Nº 21.850.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.883.- Solicitud de modificación de licenza de obra e actividade promovida por VAQUEIRO GESTION S.L.- a Vista da documentación presentada e tendo en conta os informes emitidos o respecto, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Modificar a favor de VAQUEIRO GESTIÓN S.L a licenza provisional para destinar a hotel a edificación que se construírá en Ameixide. Pintens, Cangas e que se axustará ó ditame de incidencia ambiental emitido pola Xefatura Territorial do Servizo de Calidade e Avaliación ambiental en data 10 de febreiro de 2014

A licencia de apertura concederáse unha vez presentado o certificado final de obra e realizada unha visita de comprobación polos técnicos municipais e obtidas todas as autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes

SEGUNDO.- Conceder, salvo dereito de propiedade sen prexuízo de terceiros, a modificación da licenza de obra ( 22.883) solicitada por VAQUEIRO GESTIÓN S.L para a construción dun hotel en Amexide- Pintens de conformidade co proxecto de agosto de 2013 e cumprindo autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 24 de outubro de 2013 tanto para a realización do peche como para a edificación.

O presuposto de execución material da obra ascende a 3.372.913,96 €.

SEGUNDO.- A Eficacia da licenza concedida quedará supeditada ó cumprimento das seguinte condicións

Antes do inicio das obras:

- Deberá presentar proxecto de execución visado de obras e e calificación empresarial do contratista. Nomeamento dos directores de obra e de execución
  - Durante a execución das obras
  - Cumprirá co sinalado pola Lei 9/2002, de ordenación urbanística , modificada pola Lei 2/2010, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación.
  - Os servizos de auga e fecais conectarase ós servizos públicos existentes no lugar.
- Outras

- Formalizarase ante Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza

- Deberá abonarse a liquidación efectuada en data 07/04/2014 dentro prazo conferido ó efecto de non accederse á solicitude de aprazamento presentada en data 20.02.2014

CUARTO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un periodo superior a SEIS MESES.

QUINTO.- Aceptase á cesión para ampliación de vieiro municipal nunha superficie de 85,40 metros cadrados formalizada en escritura pública de data 19 de febreiro de 2014 perante o

Notario José Antonio Rodríguez González ( nº do seu protocolo 345) e o aval para garantir a execución das obras de urbanización mediante fianza depositada en data 20 de febreiro de 2014 que ascende a 2.989,00€

EXPEDIENTE Nº 23.430.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.613.- A Angela e Arturo Lagoa Graña, con enderezo en Eugenio Sequiros 22 - Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse o proxecto de execución de obras de reforma, mantemento e conservación do edificio sito no referido lugar, visado con data 5 de febreiro de 2.014 e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Tamén deberá cumprir o establecido no artigo 38 do PEPRI: "Non se admite a colocación en fachadas de antenas, contadores, tendedeiros adosado e outros elementos que poidan ser aloxados en partes non visibles da edificación".

EXPEDIENTE Nº 24.902.- A ANCORADOURO S.L., con enderezo en Aragón 2 - baixo - Cangas, para en Cimadevila - Darbo, parcela D, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 150,05 m<sup>2</sup> de semisoto e 150,05 de planta baixa, de conformidade co proxecto básico de decembro de 2.013, a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 13 de xaneiro de 2.012.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 3.792,70 euros.

#### 2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.667.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR LUIS ANGEL MANUEL LISTE COEGO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 17 de febreiro de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Luis Angel Manuel Liste Coego, con enderezo en rúa Seixo 51 - Cangas, para vivenda, sita en Monte de San Antonio - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 22.724.

EXPEDIENTE Nº 24.586.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ANCORADOURO S.L.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 19 de febreiro de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a ANCORADOURO S.L., con enderezo en Aragón 2 -baixo - Cangas, para unha vivenda unifamiliar, sita en Cimadevila parcela C - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 23.482. Asimesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### 2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:



EXPEDIENTE Nº 24.926.- Visto o expediente de solicitude de licenza de agrupación e posterior segregación urbanística que promove ANGECABE S.L., con enderezo en rúa Ferrol 10 - Cangas.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Conceder a licenza para agrupación e posterior segregación solicitada por AMGECABE S.L segundo documentación que integra o expediente, elaborada polo arquitecto Javier rial Lemos en data 5 de febreiro de 2014 que procede agrupar as parcelas nº 216,219,220,221,222,22 3,22 4,22 5,22 6,227,228,229,230,231,232, 233,235,252,253,254 379,108,214,218,236,237,238,239,204,241,242,244,264 e 09005 e 09546 do parcelario do catastro de rústica de Cangas para segregar das mesmas unha porción de 254,65 m2 procedente das parcelas 213.223.222.221.220.219 e 218 do polígono 40. A parcela resultantes será de 254,65 m2 que se destinará a infraestrutura e se agrupará ó trazado do Camiño do Meiral sendo propiedade do Concello de Cangas e a outra de 11.123,10 m2 propiedade de ANGECABE S.L.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución os interesados.

#### 2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### 2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

\*\*\*

#### 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

## MENORES

\*\*\*pte. de ver Rafa (finalizar antes do 31.3.14)\*\*\*

EXPEDIENTE Nº 24.382.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 -

Vigo, para en Mendez Nuñez 39 - Cangas executar unha canalización de 44,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o periodo das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas. -

Debe presentar un aval por importe de 1.821,36 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Debrerá axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederá por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vienda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.516 e 1.634.- A DISTRIBUCIONES FROIZ S.A., con enderezo en Lourido 15 - 36163 Poio, para en Avda. de Marin 26 - Cangas, acondicionar interiormente un local para supermercado de 217,90 m<sup>2</sup> de semisoto e 961,33 de planta baixa, de conformidade co proxecto visado o 15 de abril de 2.013.

Non se poderá comenzar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.864 e 1.699.- A Inés Villar Martin, con enderezo en Alfonso Rodriguez Castelao 8 - 2o C - Bueu, para en Vilariño 66 - Hio, acondicionar interiormente un local para cafetería de 60,05 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de novembro de 2.013.

Non se poderá comenzar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.912.- A José A. Santomé Moreira, con enderezo en Camiño da Area 17 - Cimadevila - Darbo, para en San Xosé 9 Cangas, en solo urbano, regulado polo

PEPRI, proceder construción de unha cuberta para o patin de 3,68 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de xaneiro de 2.014.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Tamén deberá cumprir o establecido no artigo 38 do PEPRI: "Non se admite a colocación en fachadas de antenas, contadores, tendedeiros adosado e outros elementos que poidan ser aloxados en partes non visibles da edificación".

EXPEDIENTE Nº 24.914.- A Concepción Lemos Giraldez, con enderezo en Nicaragua 6 - 8o B - Vigo, para en Santa Baia 17 - Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI, proceder o cambio de material de cubrición nunha superficie de 20,86 m<sup>2</sup>, de conformidade co estudo técnico de xaneiro de 2.014.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico , recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Tamén deberá cumprir o establecido no artigo 38 do PEPRI: "Non se admite a colocación en fachadas de antenas, contadores, tendedeiros adosado e outros elementos que poidan ser aloxados en partes non visibles da edificación".

EXPEDIENTE Nº 24.920.- A DUATEL ATESORAMIENTO DE TELECOMUNICACIONES S.L., con enderezo en Eugenio Sequeiros 16 baixo - Cangas, para no referido lugar efectuar obras de acondicionamento de local xa existente para instalación de novo mobiliario en 4 0,00 m<sup>2</sup>, de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Tamén deberá cumprir o establecido no artigo 38 do PEPRI: "Non se admite a colocación en fachadas de antenas, contadores, tendedeiros adosado e outros elementos que poidan ser aloxados en partes non visibles da edificación".

\*\*\*

## **2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

EXPEDIENTE Nº 1.680.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR LUSCO FUSCO C.B.-

A Xunta de Goberno Local acorda, en aplicación do art. 90 e 91 da Lei 30/92 de procedemento administrativo, aceptar o desestimento expreso, declarando concluso o procedemento desolicitude de cambio de titularidade de local sito en Avda. De Ourense 13 - baixo - Cangas, promovida por LUSCO FUSCO C.B., con enderezo no referido lugar.

## **4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.**

#### 4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 49/2012.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 14.2.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 49/2012, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 49/2012*

##### *PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Resultando que no lugar de Rúa Manuel Graña, nº 1-Cangas, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar cuberta, fachadas e balcón sen axustarse á licenza nº 22 726.*

*Resultando que o día 13 de febreiro do 2014, a inspección de obras deste concello informa que: 'presentado en Rúa Manuel Graña, nº 1, comprobo que foron demolidas as obras en exceso e axustadas á licenza municipal no 22 726 e ao proxecto de legalización presentado.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Manuel Freire Rodríguez, promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93,*

de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario, con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 49/2012.

#### 4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 5/2013.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 17.2.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 5/2013, que é como segue:

##### *"EXPEDIENTE Nº 5/2013*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Mendiña, nº 58-Aldán consistentes en: realizar a restauración de cerramento de mampostería en 50,00 metros de longo e 1,10 metros de outro, instalados sobre este 22 postes de pedra de 0,70 metros e malla de 0,50 metros doutro en toda a súa lonxitude e a 2,50 metros do eixo da estrada da Deputación Provincial, con licenzas denegadas (22903-A e 23617-A) situado en solo non urbanizable de protección de costas.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 23 de xaneiro de 2014, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, María Castroviejo Bolibar, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor*



*que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, proponían probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario, con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 5/2013.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

### **5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS E DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2014**

#### **5.A) AUTORIZACIÓNS DE TRANSMISIÓNS DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL**

##### **5.A.1) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 16 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/008)**

Dase conta de proposta do día 18.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión de posto de venda de peixe nº 16 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 16 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS*

#### **ANTECEDENTES:**

*I.- Por escrito de rexistro de entrada nº 1801 de 17/02/2014, María del Carmen González Dios, con DNI 35387764X e María del Carmen López González, con DNI*

35439122D, con enderezo a efectos de notificacións en Travesía Tobal, nº 22, baixo manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe, do que a primeira é titular actualmente na praza de abastos por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

III.- Aos escritos anteriores achegan a documentación xustificativa do parentesco, copia dos DNI de transmitente a adquirente, xustificante da alta da adquirente na Seguridade Social e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión.' O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión intervivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión intervivos, deberá comunicarse ao concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello onde o transmitente e o que pretendan adquirir, manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se da algunha das circunstancias que xustifican a transmisión intervivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión intervivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto no suposto terceiro de transmisión intervivos.'

Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización.'

SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión intervivos por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita coa solicitude de autorización.

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.*

*CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 16 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular María del Carmen González Dios, DNI 35387764X, a favor de María del Carmen López González, con DNI 35439122D, debendo comunicar ao concello, no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización, que a transmisión se realizou.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás interesadas, así como á Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión de posto de venda de peixe nº 16 do Mercado Municipal de Abastos.

#### 5.A.2) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 27 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/006)

Dase conta de proposta do día 14.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión de posto de venda de peixe nº 27 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 27 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS*

#### *ANTECEDENTES:*

*I.- Por escrito de data de rexistro de entrada 10 de febreiro de 2014, Rebeca Rodríguez González manifesta a súa intención de que o posto de peixe do que é titular a súa irmá*

*Lucía Rodríguez González pase ao seu nome achegando copia do traslado do acordo de Xunta de Goberno Local de data 15/12/2010 (saída nº 5102 do 28/12/2010) polo que se autorizaba definitivamente o cambio de titularidade a favor de Lucía Rodríguez González, do posto do que era titular con anterioridade, Mercedes González García.*

*II.- Por escrito de rexistro de entrada nº 1645 de 12/02/2014, Rebeca Rodríguez González, DNI 78737149F e con enderezo a efectos de notificacións en R/Carlos Casares, nº 11-Cangas e Lucía Rodríguez González, con DNI 78737150P e con enderezo a efectos de notificacións en R/Pedro Alvarado, nº 11 p/6 D, manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe do que a segunda é titular actualmente na praza de abastos, por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.*

*III.- Aos escritos anteriores achegan a documentación xustificativa do parentesco (copia do libro de familia), copia dos DNI de transmitente a adquirente, xustificante da alta da adquirente na Seguridade Social e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:*

*PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión.' O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión intervivos a favor de parentes ata o 3º grao.*

*A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión intervivos, deberá comunicarse ao concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello, onde o transmitente e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión intervivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto no suposto terceiro de transmisión intervivos.'*

*Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.*

*Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización.'*

*SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega, resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión intervivos por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.*

*A adquirente xa é titular do posto nº 26, contiguo ao que se transmite, o nº 27 (non o nº 26 como figura por erro no acordo de Xunta de Goberno Local de 15/12/2010), cumprindo coas limitacións establecidas no artigo 28. C) do regulamento, que impide que un suxeito sexa titular de máis de catro postos e que obriga a que no caso de ser titular de máis de un posto estes sexan contiguos.*

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que, de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.*

*CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión o novo titular, sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 27 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular Lucía Rodríguez González, con DNI 78737150P, a favor de Rebeca Rodríguez González, con DNI 78737149F, debendo comunicar ao concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión de posto de venda de peixe nº 27 do Mercado Municipal de Abastos.

## **5.B) SOLICITUDES DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA POSTOS DE VENDA AMBULANTE**

### **5.B.1) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE**

Dase conta de proposta do día 7.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE*

#### **ANTECEDENTES:**

*A través de escrito con entrada no Rexistro Xeral deste concello do día 13/01/2014 (nº entrada 329), Fabiola Malvido González, con DNI 73241288L e domicilio en Trigás nº 48-Coiro-36947-Cangas-Pontevedra, solicita permiso para a colocación de un posto de venda ambulante aos martes e venres, e información sobre o gasto que suporía e cando podería empezar.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*I.- Ante as numerosas solicitudes presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.*

*Considerando esta previsión da ordenanza e tendo en conta a falta do espazo dispoñible, a día de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado pola interesada.*

*II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción so seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para os martes e venres presentada o 13/01/2014 por Fabiola Malvido*

*González, con DNI 73241288L, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización de un posto de venda ambulante.

#### 5.B.2) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 7.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE*

#### *ANTECEDENTES:*

*A través de escrito con entrada no Rexistro Xeral deste concello do día 22/01/2014 (nº entrada 738), a Xunta de Galicia remite a solicitude de renovación da autorización de venda ambulante no termo municipal do Concello de Cangas para o ano 2014, presentada o día 20/01/2014 no rexistro do edificio administrativo de Vigo, por SAMUEL KOUFIE, con DNI Y2891903N e domicilio en rúa A Roda, nº 10-1,36900-Marín-Pontevedra.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:*

*I.- Unha vez examinada a solicitude de renovación presentada, e comprobadas as autorizacións de venda ambulante concedidas para o ano 2013, comprobouse que o interesado non gozou de ningunha autorización municipal para o exercicio da venda ambulante o pasado ano. Tendo en conta isto, cabe considerar que a petición formulada carece de fundamento ningún, por solicitarse a renovación dunha autorización inexistente.*

*Tendo en conta o exposto, é de aplicación a este suposto o disposto no inciso final do artigo 89.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece a posibilidade da administración de 'resolver a indamisión das solicitudes de recoñecemento de dereitos non previstos no ordenamento xurídico ou manifestamente carentes de fundamento, sen prexuízo do dereito de pedimento previsto no artigo 29 da Constitución.*



*II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Resolver a inadmisión da solicitude para a renovación dunha autorización de venda ambulante presentada o 20/01/2014 no Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo da Xunta de Galicia (con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cangas o día 22/01/2014, entrada nº 738) por Samuel Koufie, con DNI Y2891903N de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización de un posto de venda ambulante.

### **5.C) SOLICITUDES DE CONCESIÓN DE PRÓRROGAS DE LICENZAS MUNICIPAIS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE**

#### **5.C.1) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE**

Dase conta de proposta do día 20.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.*

*I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.*

*II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014, os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.*

*III.- Vista a solicitude de renovación formulada por María de los Ángeles Rodríguez Iglesias, resulta que esta foi presentada no rexistro o 02/01/2014 e polo tanto fóra do prazo outorgado para a renovación polo que procede declarar revogada a autorización de venda ambulante da que era titular sen máis trámite e sen entrar a valorar a documentación presentada por este.*

*IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do Regulamento vixente.*

*En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado a:*

***Ref: 108 - María de los Ángeles Rodríguez Iglesias***

*SEGUNDO.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que, á vista do presente acordo, deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carecer de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.*

*TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante.

5.C.2) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 20.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.*

*I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.*

*II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014, os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que, de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado, entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.*

*III.- Vista a solicitude de renovación formulada por Serafín Pazos Rodríguez, resulta que esta foi presentada no rexistro o 02/01/2014 e polo tanto fóra do prazo outorgado para a renovación, polo que procede declarar revogada a autorización de venda ambulante da que era titular sen máis trámite e sen entrar a valorar a documentación presentada por este.*

*IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.*

*En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado a:*

**Ref: 109 - Serafín Pazos Rodríguez**

*SEGUNDO.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que á vista do presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carecer de autorización resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.*

*TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante.

### 5.C.3) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 20.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE*

*I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.*

*II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014, os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.*

*III.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.*

*Vistas as solicitudes de renovación de licenzas de venda ambulante para o ano 2014 presentadas polos interesados dentro do prazo outorgado e sendo subsanadas as deficiencias inicialmente existentes tras ser requiridos para iso, propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:*

*Ref: 4 María Esther Pazos Buezas  
5 Paula Marcos Gil  
8 Raquel Calvar López  
11 Faustino Jiménez Borja  
21 Ana María Filgueira Torres  
27 María Aldora Amador  
33 Antonio Parada Alonso  
34 Maquinaria Agrícola Carpintero  
36 Iglesias Míguez, S.L.  
38 María Purificación Sanmartín Torres  
41 Nuria Martínez Rodríguez  
44 Diego Salazar Jiménez  
46 Verónica Barallobre González  
47 Laura González Galiñanes  
48 Isma Ngon  
52 María Celia Fernández Requejo  
53 Manuel Sabarís Fontán  
58 M<sup>a</sup> Carmen Alfonso Fontán  
59 Driss Ezzaari Haddadi  
67 Rosa Calvar Martínez  
69 Sonia González Rodríguez  
74 Isabel Vilas Iglesias  
76 Carlos Rafael Vilas  
79 Oscar Pérez Pintos  
81 Assane Faye Diagne  
82 Susana Pérez Santos  
83 José Angel Rodríguez Rodríguez  
84 Pedro Jiménez Borja  
96 Ricardo Sotelo Germade  
97 Moussa Ndiaye*

- 102 *María Teresa Santos Novas*
- 103 *María Esther Cabeiro Dopico*
- 104 *Amelia Gómez Puime*
- 106 *Sol de America Peña Rodríguez*
- 111 *José Miguel Mosteiro Quintáns*
- 118 *Josefa Durán Miranda*
- 121 *Juán Luis Pastoriza Rodríguez*
- 122 *María Fátima Vidal Miranda*
- 124 *Ana Marcos Gil*
- 126 *Encarnación Álvarez Gayo*
- 128 *Paulo Fernández Amaya*
- 132 *Mara Flórez Díaz*
- 133 *Manuel Duval Salazar*
- 137 *Luis León Salazar*
- 139 *Enrique Duval Salazar*
- 143 *Mª Carmen Freire Martínez*
- 144 *Fym Sdad Coop*
- 146 *José Antonio Espiña Matanzas*
- 147 *Panadería Salgueiro, C.B.*
- 159 *Miguel García Bautista*
- 164 *Rubén Jiménez Mendoza*
- 165 *Agrocar S.C.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 de licenzas municipais de venda ambulante.

## **SUBVENCIONES**

### **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES (PAM-2014)**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 20.2.14, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para actividades con cargo ó programa "PAM-ACTIVIDADES 2014", que é como segue:

*"PROPOSTA*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ACTIVIDADES CON CARGO AO PAM-ACTIVIDADES 2014*

*Publicadas no BOP nº 20, do día do 30 de xaneiro de 2014, as bases reguladoras do Programa de Acción Municipal (PAM) para o exercicio 2014.*

*Vistas as necesidades e redactadas as memorias presentadas polos técnicos municipais, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Aprobar as memorias valoradas das seguintes actividades:*

| <b><i>Denominación da actividade</i></b>              | <b><i>Importe solicitado</i></b> | <b><i>Importe total</i></b> |
|---|----------------------------------|-----------------------------|
| <i>Aula de estimulación de nenos con dificultades</i> | <i>10.000,00</i>                 | <i>12.100,00</i>            |
| <i>Escola de nais e pais</i>                          | <i>2.000,00</i>                  | <i>2.420,00</i>             |
| <i>Festas populares</i>                               | <i>1.000,00</i>                  | <i>1.210,00</i>             |
| <i>Nadal programa cultural</i>                        | <i>1.000,00</i>                  | <i>1.210,00</i>             |
| <i>Semana Santa programa cultural</i>                 | <i>2.500,00</i>                  | <i>3.025,00</i>             |
| <i>Actividades medioambientais en praias</i>          | <i>10.000,00</i>                 | <i>12.100,00</i>            |
| <i>Festas do verán</i>                                | <i>10.000,00</i>                 | <i>12.100,00</i>            |

*Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das actividades que se relacionan e polos importes que se indican no apartado primeiro.*

*Terceiro.- Declarar que para as actividades relacionadas non se soliciou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Cuarto.- Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra o acordo que se adopte achegado do resto da documentación que se especifica nas bases da convocatoria."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para actividades con cargo ó programa "PAM-ACTIVIDADES 2014".

**ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

**7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

7.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó DECRETO DITADO EN DATA 22.01.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 377/2012

\_\_\_\_\_Dase conta de proposta da Alcaldía de data 17.2.14 referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 377/2012, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó DECRETO DITADO EN DATA 22.01.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO N.º 377/2012 (X-12/36)*

*Visto o contido do Decreto nº 14/2014 ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 377/2012, instruído a instancia de 'MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.', en reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Cangas, polo que se confirma a taxación de custos practicada por importe de 241,08 euros e se declara debida esta cantidade.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de DOUSCENTOS CORENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (241,08) euros, en concepto de custos, a favor de 'MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.', con CIF nº A28141935 con cargo á aplicación 920-22699 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 377/2012.

**URXENCIAS:**

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:



## **A) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE CANGAS**

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 24.2.14, referente a ampliación do prazo de presentación de ofertas no expediente de contratación para adxudicación do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar, que di o seguinte:

### *"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*Resultando que o Departamento de Contratación deste concello informou dunha incidencia no expediente de contratación para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar (SAF) ao resultar incompleta a información recollida no Anexo III do PCAP relativo ó persoal obxecto de subrogación.*

*Visto que o anuncio de licitación do expediente de contratación, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 27.01.2014 e publicado o día 11.02.2014 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 28), finalizando o prazo de presentación de proposicións o vindeiro día 26 de febreiro.*

*Visto que a incidencia foi resolta tras requirir á actual concesionaria do servizo -A Carón Soc. Coop. Galega-, para que completara os datos dos traballadores e solicitar que polo departamento de Benestar Social se emitirá informe ao respecto.*

*Considerando o disposto no artigo 1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que establece os principios que rexen a contratación do sector público.*

*Considerando que conforme ao artigo 49 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados/as, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.*

### **RESOLVO:**

***PRIMEIRO.-** Ampliar o prazo de presentación de ofertas no expediente de contratación para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar (SAF) do Concello de Cangas, por un período de 5 días a contar desde o seguinte á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia.*

*SEGUNDO.- Publicar a presente resolución con carácter urgente no Boletín Oficial da Provincia así como no perfil do contratante, facendo constar que fronte a esta non cabe recurso ningún."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a ampliación do prazo de presentación de ofertas no expediente de contratación para adxudicación do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar.

**B) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE ADQUISICIÓN DIRECTA, PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO DO INMOBLE OCUPADO COAS INSTALACIÓNS DA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE DONÓN DO CONCELLO DE CANGAS.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 24.2.14, referente a aprobación de expediente de contratación, mediante adquisición directa, para a adquisición a título oneroso do inmovible ocupado coas instalacións da Depuradora de augas residuais de Donón, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Visto que resulta necesario para este concello adquirir o inmovible identificado co número 811, polígono 11, paraxe -Río de Donón-, denominada -Manganela-, e con referencia catastral 36008A011008110000JJ, de 100 metros cadrados, pertencente a José Luis Coya Nogueira, con DNI 78730766-H, aos efectos de formalizar o acordo verbal realizado no seu día entre o goberno municipal e o propietario da parcela, sen ningún tipo de acordo ou resolución autorizativa para o efecto e polo que se levou a cabo a construción, con carácter urgente, dunha depuradora de augas residuais no sinalado inmovible por parte do Organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente.*

*Dada a peculiaridade da necesidade a satisfacer considérase como procedemento máis adecuado a adxudicación directa, por ser determinante para esta adquisición o emprazamento e situación concreta do inmovible a adquirir.*

*Visto que con data de 17 de febreiro de 2014, foi emitido informe técnico, sobre as características e situación do ben inmovible que se pretende adquirir e unha valoración aproximada deste, co obxecto de determinar o prezo.*

*Visto que con data 19 de febreiro foi emitido Informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade con este, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Alcaldía porque o importe da*

*adquisición ascende a 3.020,00 euros e polo tanto, non supera nin o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste concello, nin a contía de tres millóns de euros.*

*Visto que con data 19 de febreiro de 2014, pola Interventora foi realizada a retención de crédito oportuna.*

*Visto que por Resolución de Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia en materia de contratacións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento.*

*Examinada a documentación que a acchega e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante adxudicación directa, para a adquisición a título oneroso do inmovible ocupado coas instalacións correspondentes á depuradora de augas residuais de Donón, identificado co número 811, polígono 11, paraxe -Río de Donón-, denominada -Manganela-, e con referencia catastral 36008A011008110000JJ, pertencente a José Luis Coya Nogueira, con DNI 78730766-H.*

*SEGUNDO.- Autorizar, en contía de TRES MIL EUROS (3 000,00 €), o gasto que para este concello representa a adquisición, con cargo á partida 161.621.01 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de expediente de contratación para a adquisición de inmovible ocupado coas instalacións correspondentes á Depuradora de augas residuais de Donón-Cangas.

### **C) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ACEPTACIÓN DE COMPRA DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRO ANDAR DO INMOBLE SITO EN RÚA CUBA, 4 DO CONCELLO DE CANGAS.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 24.2.14, referente a aceptación de compra de planta baixa e de primeiro andar do inmovible sito en Rúa Cuba, 4-Cangas, (antiga cámara agraria), que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Dase conta do escrito remitido pola Secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (Rex. entrada núm. 1584 de 11.02.2014) polo que comunica a*

*orde da Consellería de Facenda de 07.02.2014, pola que se acorda o inicio do expediente de alleamento por adxudicación directa a favor do Concello de Cangas da planta baixa e primeiro andar do inmovible sito na rúa Cuba núm. 4 do Concello de Cangas.*

*Visto que o importe do alleamento é de 383.081,40 euros, sendo preciso que o Concello de Cangas manifeste a súa conformidade coa compra con pagamento aprazado, tramitándose a venda conforme co artigo 70 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia, por un prazo de 10 anos, quedando garantidas as cantidades aprazadas mediante condicións resolutoria explícita e aplicando o xuro legal do diñeiro.*

*Visto o disposto na Disposición adicional 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que recoñece a esta Alcaldía a competencia para a adquisición de bens inmovibles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin o importe de tres millóns de euros, competencia delegada por Resolución de Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, na Xunta de Goberno Local.*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Manifestar a conformidade coa compra con pagamento aprazado da planta baixa e primeiro andar do inmovible sito na rúa Cuba núm. 4 do Concello de Cangas, nos termos descritos na Orde da Consellería de Facenda de 07.02.2014, pola que se acorda o inicio do expediente de alleamento.*

*SEGUNDO.- Proceder á consignación, na Caixa de depósitos un total de nove mil cincocentos setenta e sete euros con catro céntimos (9.577,04 €) correspondentes ao 25% da cantidade a pagar na primeira anualidade, en concepto de fianza a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.*

*TERCEIRO.- Autorizar, en contía de TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (38.308,14 €), o gasto que para este concello representa o pago da primeira anualidade, con cargo á partida ...do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2014.*

*CUARTO.- Comunicar o presente acordo, xunto resguardo acreditativo da consignación da fianza Caixa de depósitos, á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aceptación de compra de planta baixa e de primeiro andar do inmovible sito en Rúa Cuba, 4-Cangas.

## **D) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO SOCIO-CULTURAL DO CONCELLO DE CANGAS.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 24.2.14, referente a inicio de procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza do centro sociocultural municipal, que di o seguinte:

### *"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Dada a necesidade deste concello de contratar o servizo de limpeza das instalacións municipais que a continuación se relacionan, para que se realicen os labores e traballos de limpeza necesarios que garantan a hixiene e estética dos edificios, así como a conservación dos materiais empregados na súa construción e do mobiliario nel instalado:*

*Mercado de abastos*

*Centro sociocultural municipal (gasto que será financiado pola Secretaría Xeral de Política social para o ano 2014) con excepción das instalacións de cafetería.*

*O importe do contrato ascendería á cantidade de            euros IVE incluído.*

*Dada a característica e importe do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto.*

*Visto que por Resolución de Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia en materia de contratacións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento.*

*De conformidade co establecido na Disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza do centro sociocultural municipal. A forma de adxudicación será a de concurso, mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.*

*SEGUNDO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*TERCEIRO.- Que pola interventora se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*CUARTO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*QUINTO.- Dar conta de todo o actuado á Xunta de Goberno Local para que resolva o que proceda."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a inicio de procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza do centro sociocultural municipal.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente